

D. Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

### C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 05/09/2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica do sobre único, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia( ISO, AOAC).***

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº2024006710 de data 14/08/2024 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da ***Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia( ISO, AOAC).***

Con data 19/08/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentáronse as seguintes empresas:

- FOSS IBERIA SAU A-08912909

Os valores ofertados polo único licitador foron os seguintes:

- Importe sen o IVE: 87.044,00 €
- IVE (21 %): 18.279,24 €
- Importe total ofertado: 105.323,24 €

A maiores, xunto coa oferta económica, o licitador remite as especificacións técnicas dos analizadores automáticos de obrigado cumprimento.

En base ó anterior, e antes de proceder á valoración dos prezos ofertados, a Mesa acorda:

1. Admitir as seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado:

- FOSS IBERIA SAU A-08912909

2. Remitir a documentación das características técnicas dos analizadores automáticos ó servizo de Medio Ambiente, para que emitan o correspondente informe de adecuación ás características técnicas requiridas no prego.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra na data que figura na marxe.

